

*Estimados pais:*

*Para minimizar as repercusións da falta de asistencia a clase polo peche do centro educativo debido á emerxencia sanitaria, a proposta de tarefas para realizar durante os días nos que deban permanecer nos seus fogares, e se tedes xa rematados os libros de "Piezas" e "Lingua", será a seguinte:*

## MATEMÁTICAS

- Seguiremos repasando as táboas de multiplicar.  
Empezaremos a traballar algunha salteada ( 2 e 3)
- Colocar e realizar sumas levando do tipo:  
 $545+325$ ;  $428+383$ ;  $348+9+23$
- Colocar e realizar restas levando do tipo:  
 $537-468$ ;  $635-568$ ;  $745-492$ .
- Comprobar o resultado facendo a proba.
- Completar series :  
 $955-950$  -----  $905$
- Escribir números para que os nenos/as os lean en alto e logo os escriban con letra nunha libreta; exemplo: 732 – setecientos treinta y dos  
 $234,389,102,540,444,211,808,323,401,657,509$ .
- Traballar tamén o anterior e o posterior.
- Repaso dos días da semana.
- Meses do ano e nº de días de cada un.
- Estacións do ano, cando comencian e acaban e meses de cada unha.
- Resolución de problemas tales como:

E non esquezas que .....

- cando buscamos o TOTAL de días ou máis cantidades, SUMAMOS
- cando buscamos a DIFERENCIA entre días cantidades, RESTAMOS
- cando COMPARAMOS cantidades, tamén RESTAMOS

E ..... ollo!

Coloca ben os datos!

NAS RESTAS O MINUENDO SEMPRE MAIOR QUE O SUSTRAYENDO!

O pai de Santi mercou 324 cereixas. Esa tarde xa comeron 196 entre toda a familia. Cantas cereixas sobraron?

Xosé ten 302 cromos, Lois ten 196 e Braulio 99. Cantos cromos teñen entre Braulio e Lois?








Resposta: \_\_\_\_\_

Resposta: \_\_\_\_\_

Lola fixo na praia un castelo con 397 pedriñas e Xabi fixo outro con 649. Cantas pedriñas máis ten o castelo de Xabi?

Nun paquete de fabas había 346. Xaime fixo unha fabada e gastou 97. Cantas fabas lle quedaron no paquete?





Resposta: \_\_\_\_\_

Resposta: \_\_\_\_\_

## LENGUA CASTELLANA

- Dictados y copias diarias (combinando castellano y gallego)
- Lectura diaria
- Determinantes artículos : el, la, los, las /un, una, unos, unas  
Utiliza el texto de la páginas 158 "Diario de Marcos" y rodea los artículos que encuentres (en azul los determinados y en rojo los indeterminados)
- Nombres comunes y propios: subraya los nombres que encuentres en el texto anterior

## LINGUA GALEGA

- Ditados e copias diarias (combinando galego e castelán)
- Lectura diaria
- Familias de palabras. Escribe as palabras que pertenecen á mesma familia que unha dada, por exemplo: limón, pan, zapato.
- Os pronomes eu, ti, el, ela, nós, vós, eles, elas. Escribe unha frase con cada unha destas palabras.

## CIENCIAS NATURAIS


- Revisión das páxinas do libro de "Piezas", lelas outra vez e copiar nun caderno o esencial de cada páxina,, non as actividades.


## CIENCIAS SOCIAIS

- Revisión das páxinas do libro de "Piezas", lelas outra vez e copiar nun caderno o esencial de cada páxina,, non as actividades.

## PLÁSTICA


- MANDALAS:





¡YO ME QUEDO EN CASA!

TODDO VA A SALIR BIEN




By acribio

YO ME QUEDO EN CASA

YO ME QUEDO

Imágenes Educativas.com

- 
- Cando escribades na libreta non vos esquezades de poñer a data e seguidamente deixar unha liña.
  - Deixade tamén unha liña dunha actividade a outra.
  - E ... coidade a presentación!

**Copiade ou imprimide (no caso de plástica ou dos problemas de matemáticas) as actividades para a súa realización. Presentar á titora unha vez reiniciadas as clases. Para consultar dúbidas empregade o correo electrónico do centro.**

*Desexando que vos atopedes tod@s ben ....*

*Moitas grazas e ánimo !!*